



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ANUNCIO RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA XUNTA GOBERNO LOCAL.

Polo presente, en cumprimento do disposto nos art. 46 e 52.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, faise público que con data 16 de xaneiro de 2026 esta Alcaldía ditou o seguinte Decreto:

“DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA XUNTA GOBERNO LOCAL.

EXPEDIENTE: 2023/X999/000275

Vistos os arts. 20, 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, os arts. 59 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e os arts. 35, 41, 43, 44, 46, 52, 114 a 118, 120 e 121 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, ACORDO:

Primeiro: Modificar a composición da Xunta de Goberno Local do Concello de Camariñas, nomeando membros aos/ás seguintes concelleiros/as:

D. Sergio Caamaño Fernández.

Dna. Encarnación Liñeiro Pouso.

D. Germán Camiño Mouzo.

Dna. Begoña Tajés Mendez.

A Xunta de Goberno Local estará integrada pola Alcaldesa, que exercerá a Presidencia, e os/as Concelleiros/as antes mencionados.

Dita modificación dará lugar ao cese automático de D. Fabián Canosa Pasantes como Terceiro Tenente de Alcalde, de conformidade co previsto no artigo 46.3 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Segundo: De conformidade co previsto no art. 46 e 52.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais notificar o presente ao novo concelleiro nomeado, surtindo efectos desde o día da súa aceptación con independencia da data da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro: Proceder á publicación do presente no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de

*Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)*



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

anuncios da sede electrónica do Concello e dar conta do mesmo ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública.”

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial.